

Adenda da programación didáctica

4º ESO

DEPARTAMENTO DE CIENCIAS/ FÍSICA E QUÍMICA

Seguindo o establecido na ORDE do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE:

1. Introducción e contextualización.
2. Avaliación e cualificación.
 - 2.1 Metodoloxía e actividades para o período final do terceiro trimestre.
 - 2.2 Metodoloxía, actividades e medidas para atención a diversidade (acnee).
3. Información e difusión.

1. Introducción e contextualización:

A Orde do 27 de decembro de 2022 fixo que tiveramos que adaptar as programacións didácticas da etapa da ESO aos cambios que dela derivan.

A normativa establece que o alumnado da ESO ten dereito a tres avaliacións parciais e a unha avaliación final. Polo tanto os departamentos teñen que organizar as distintas *actividades de recuperación* para o alumnado que non superara algunha parte dunha materia.

Isto realizarase sempre antes da data establecida no centro para a sesión de avaliación parcial e final, que se levarán a cabo nunha mesma e única sesión.

O grupo está formado por 6 alumnos/as. En xeral, o grupo mostra boa actitude de cara a materia e bos resultados académicos.

2. Avaliación e cualificación.

2.1 Metodoloxía e actividades previstas para o período final do terceiro trimestre.

Os alumnos/as que neste periodo teñan algunha avaliación pendente terán que recuperala. A proba de recuperación consistirá nunha proba personalizada para cada alumno en función do número de avaliacións que teña pendentes. Neste periodo final do terceiro trimestre traballarase na aula cos alumnos/as co fin de preparalos para superar o curso mediante actividades relacionadas cos contidos básicos. A nota final de curso para estes alumnos/as será a de dita proba no caso de que teñan que recuperar as tres avaliacións, ou a media aritmética da nota das tres avaliacións no caso de que teñan que recuperar so algunha delas. A nota dunha avaliación recuperada será dun 5.

Por outra parte, os alumnos/as seguirán vendo materia propio do curso ata a data da avaliación parcial e final.

2.2 Metodoloxía, actividades e medidas para atención a diversidade (acnee).

Para os alumnos/as que o longo do curso tivesen medidas de atención a diversidade continuarase na mesma linea de traballo:

Os/as que teñan que recuperar algunha avaliación terán que realizar unha proba na que se aborden os contidos tratados en ditas avaliacións. Durante este periodo traballarase con estes alumnos/as co fin de preparalos para estas probas. A nota dunha avaliación recuperada será dun 5.

Por outra parte, os alumnos/as seguirán vendo materia propio do curso ata a data da avaliación parcial e final.

3. Información e difusión.

O alumnado que teña que recuperar a materia ou parte dela recibirá un informe individualizado a principios do mes de Xunio no que se lle especificará o xeito e contido da materia pendente.